

**PROPOSTA DO PLAN DE CONTROL FINANCEIRO PARA AS
SUBVENCÍONS PAGADAS POLA DEPUTACIÓN PROVINCIAL NO
EXERCICIO 2014**

1. *Informe-proposta da Intervención Provincial.*
2. *Ditame da Comisión de Economía, Facenda, Especial de Contas, Persoal e Réxime Interior.*
3. *Certificado do Acordo Plenario.*



ASUNTO: INFORME-PROPOSTA DO PLAN DE CONTROL FINANCEIRO PARA AS SUBVENCIÓNS PAGADAS NO EXERCICIO 2014 POLA DEPUTACIÓN DE A CORUÑA E DAS PAGADAS POLO CONCELLO DE BOQUEIXÓN NO PERÍODO 2012-2014

DESTINATARIOS:

SR. PRESIDENTE.
SRAS. E SRES. DEPUTADOS DO PLENO DA
CORPORACIÓN

Ao abeiro do disposto no artigo 5 da Ordenanza reguladora do control financeiro de subvencións e dos procedementos de reintegro e sancionadores derivados (BOP número 116, de 22 de xuño de 2015, preséntase o presente informe-proposta, con respecto ás subvencións pagadas por esta Deputación no exercicio 2014 e, en virtude da delegación conferida, sobre as pagadas polo Concello de Boqueixón no período 2012-2014.

I) ANTECEDENTES:

Para a elaboración deste Plan de control financeiro, tiveronse en conta os seguintes antecedentes:

- Informe-proposta emitido pola Intervención o 10 de decembro de 2014, polo que se propón o Plan de control financeiro das subvencións pagadas pola Excm. Deputación no exercicio de 2013.
- Acordo do Pleno da Corporación de 19 de decembro de 2014.
- Acordo de aceptación da delegación de competencias do Concello de Boqueixón en materia de control financeiro, adoptado polo Pleno da Corporación, na sesión que tivo lugar o día 30 de decembro de 2015 e publicado no Boletín Oficial da Provincia número 61, do día 1 de abril de 2016.
- Listaxe con todas as subvencións pagadas por esta Deputación no exercicio 2014 a prol de entidades de natureza xurídico-privada, extraído do aplicativo Sicalwin, no que se identifican os 1.296 beneficiarios (Anexo I)
- Relación de asientos de recoñecemento de obrigas e pagos realizados polo Concello de Boqueixón a entidades de natureza xurídico-privada nos exercicios 2012 (Anexo II), 2013 (Anexo III) e 2014 (Anexo IV)





II) ALCANCE E OBXECTIVOS:

De conformidade co disposto no artigo 44 da Lei 38/2003, de 16 de novembro, xeral de subvencións, a finalidade do control financeiro das subvencións pagadas alcanza ás seguintes verificacións:

- a) Que se cumpriron as obrigas de xestión e aplicación da subvención.
- b) A realidade e regularidade das operacións que, de acordo coa xustificación presentada, teñan sido financiadas coa subvención.
- c) O axeitado e correcto financiamento das actividades subvencionadas.
- d) A existencia de feitos, circunstancias ou situacións non declaradas a esta Administración e que poideran afectar ao financiamento das actividades subvencionadas, a axeitada e correcta obtención, utilización, disfrute ou xustificación da subvención, así como a realidade e regularidade das operacións con ela financiadas.

III) PROGRAMA DE TRABALLO, MEDIOS PERSOAIS E MATERIAIS

Unha vez realizado o sorteo que contén a proposta, para formar e tramitar os expèdientes de control financeiro, levaranse a cabo as seguintes actuacións:

1. Solicitud dos expedientes á Unidade xestora e dos mandamentos de pago e documentación xustificativa ao Servizo de Contabilidade
2. Programación das visitas aos distintos beneficiarios e comunicación individualizada de inicio de actuacións, fixando a data e hora na que se produciría a comparecencia dos actuarios nas dependencias da entidade. A esta comunicación achegarase unha folla na que de xeito sucinto se recollerán os dereitos e deberes dos beneficiarios. Pola parte deste persoal actuario manterase a máxima dispoñibilidade para o cambio de hora e de día das actuacións, de xeito que os representantes das entidades beneficiarias poidesen conciliar a atención da comparecencia coas súas obrigas laborais e persoais.
3. Requirimentos realizados aos propios beneficiarios da subvención: Cando no momento da comparecencia non se puido acreditar algún extremo, sempre se deixou constancia desta circunstancia e requiríuse ao representante para que aportase á Intervención o documento ou documentos correspondentes.





INTERVENCIÓN XERAL E XESTIÓN ECONÓMICO-FINANXEIRA

4. Requirimentos realizados a terceiros relacionados cos beneficiarios: Na meirande parte dos expedientes, para acreditar a regularidade e realidade dalgunha operación (compras, prestacións de servizos), fíxose necesario requirir aos terceiros que realizaron tal prestación, de conformidade co disposto no artigo 46 da Lei 38/2003.. Nalgúns casos, para acreditar a veracidade desta información por un terceiro alleo a relación cliente-proveedor, será necesario solicitar información á Axencia Tributaria para comprobar se a operación se declarou no Modelo 347 (se o importe supera os 3005,00 euros) e mesmo á entidades financeiras.
5. Emisión de informes de control financeiro provisionais ou definitivos: Rematadas as actuacións de comprobación, emitirase un informe de control financeiro para cada expediente. Cando na conclusión do informe se teña proposto a procedencia de reintegro parcial ou total ou a presunta comisión dunha infracción, dito informe será emitido con carácter provisional, dándolle ao beneficiario un prazo de quince días para que presente as alegacións e documentos que estimase convinte. Nos demais casos de informes favorábeis ou con observacións formais, pero sen obriga de reintegro nin proposta de expediente sancionador, o informe emitirase xa con carácter definitivo.
6. Comunicación e notificación dos informes: Os informes provisionais serán notificados á entidade beneficiaria, para os efectos da posible presentación de alegacións. Logo do levar a cabo, no seu caso, este trámite de audiencia, os informes definitivos serán comunicados ás unidades xestoras e notificados aos beneficiarios.
7. Conclusas as actuacións, os expedientes de concesión, xustificación e pagamento das subvencións serán devoltos ás unidades xestoras e a documentación contable ao Servizo de contabilidade.
8. En virtude das conclusións dos informes, o propio Negociado de Control financeiro e Auditoría ten asumida a tramitación dos expedientes de reintegro e sancionadores, actuando como instructora dos mesmos a Xefa de Negociado, Dona Elisa Zas Prieto, e como secretaria a técnico de xestión tributaria Dona Natalia Souto Iglesias.

Dado número de expedientes a tramitar (95) non é doado establecer unha data concreta para o remate de todas estas actuacións e para presentar o informe-resumo de actuacións, pero estimamos que no prazo aproximado dun ano poderase ter informado a práctica totalidade dos expedientes.





INTERVENCIÓN XERAL E XESTIÓN ECONÓMICO-FINANXEIRA

No tocante aos medios persoais, baixo a dirección do Interventor adxunto os expedientes son tramitados polo Xefe de Sección, que realiza as funcións de actuario na meirande parte dos expedientes que seguen a tramitación ordinaria, impulsándose a tramitación administrativa pola Xefa de negociado, coa colaboración dunha técnico de xestión económico-financeira e dúas funcionarias administrativas.

E con respecto aos medios materiais, aparte do material de oficina, estanse a utilizar dous equipos informáticos compostos por ordenador e impresora.

IV) LEXISLACIÓN APLICÁBEL:

Tanto para a emisión de cada un dos informes particulares, como para o resumo de resultados e recomendacións que se exporán nos apartados seguintes, seguindo o procedemento e técnicas de auditoría establecidas nas **Normas de Auditoría do Sector Público aprobadas por resolución do Interventor Xeral da Administración do Estado e publicadas no BOE de 30 de setembro de 1998**, tomarase en consideración a seguinte normativa:

- Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases de réxime local, modificada entre outras pola Lei 27/2013, de Reforma e Sustentabilidade da Administración Local.
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia.
- Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións públicas e do procedemento administrativo común. **A partir do día 2 de outubro de 2016, coa entrada en vigor da Lei 39/2015, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, adaptaremos a esta nova norma, procurando que no período transitorio previsto en dita norma se poidan tramitar electrónicamente todos os expedientes.**
- Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e o seu regulamento de desenvolvemento, aprobado por Real decreto 887/2006, do 21 de xullo.
- Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Texto refundido da Lei reguladora das Facendas locais, aprobado por Real decreto lexislativo 2/2004, do 4 de marzo.
- Lei 35/2006, do 25 de novembro, reguladora do Imposto sobre a renda das persoas físicas (no seu caso, texto refundido aprobado por Real decreto 3/2004, do 5 de marzo) e Real decreto 439/2007, de 31 de marzo, polo que se aproba o Regulamento deste imposto.
- Lei 37/1992, do 29 de decembro, reguladora do Imposto sobre o valor engadido e Regulamento que a desenvolve aprobado por Real decreto 1624/1992, do 29 de decembro.



INTERVENCIÓN XERAL E XESTIÓN ECONÓMICO-FINANCIERA

- Lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito á asociación.
- Lei 12/2006, de 1 de decembro, de fundacións de interese galego)
- Lei 5/2012, do 22 agosto, do Deporte de Galicia.
- Lei 9/1993, do 8 de xullo, de confrarías de pescadores de Galicia e Decreto 261/2002, do 30 de xullo, polo que se aproban as normas reguladoras das confrarías de pescadores e as súas federacións.

- Ordenanza reguladora do control financeiro e dos procedementos de reintegro e sancionadores derivados, aprobada polo Pleno da Corporación, na sesión que tivo lugar o día 24 de abril de 2015.

V) Proposta de Plan de control financeiro sobre as subvencións pagadas ao longo do exercicio 2014 pola Deputación e sobre as pagadas polo Concello de Boqueixón no período 2012-2014.

De acordo cos antecedentes, lexislación aplicable e demais consideracións expostas anteriormente, **proponse ao Pleno da Corporación que, previo ditame da Comisión informativa de Facenda, Economía e Especial de Contas, aprobe o Plan de Control financeiro das subvencións pagadas pola Deputación ao longo do exercicio de 2014 e polo Concello de Boqueixón no período 2012-2014, consonte aos seguintes parámetros e tipos de tramitación de expedientes:**

1º. SUBVENCIONS PAGADAS POLA DEPUTACION NO EXERCICIO DE 2014.

a) Tipos de procedementos e posible ampliación de actuacións a subvencións pagadas en exercicios anteriores non prescritos:

PRIMEIRO GRUPO: EXPEDIENTES CON TRAMITACIÓN ORDINARIA (PO)

Na tramitación ordinaria dos expedientes existe sempre unha comparecencia dun actuario no domicilio social da entidade beneficiaria ou, no seu caso, nunha oficina pública, para levar a cabo, en presenza do representante legal da entidade, a análise da contabilidade, documentación xustificativa da subvención, movementos bancarios e, no caso de subvencións de capital, verificar a existencia material do investimento subvencionado.





SEGUNDO GRUPO: EXPEDIENTES CON TRAMITACIÓN ABREVIADA (PA).

Tódolos demais expedientes, nos que o importe da subvención non supere os 3.000 euros e que se refiran ao financiamento de gastos correntes ou noutros que, da documentación aportada coa xustificación se deduza unha evidencia razoábel da correcta aplicación dos fondos á finalidade para a que foi concedida a subvención. Nestes supostos, que serán valorados en cada caso polo Interventor adxunto, o expediente incoarase con requirimento para que a entidade remita á intervención orixinal ou unha copia compulsada dos xustificantes de gasto e o orixinal ou copia compulsada do documento que acredite o pagamento a través dun medio bancario.

Se, á vista da documentación recibida, o actuario obtén a evidencia razoábel de que os fondos públicos foron correctamente aplicados, procederase á comprobación de posibel existencia doutras subvencións para a mesma finalidade, mediante a comprobación na Base de Datos Nacional de Subvencións e mediante requirimentos enviados aos órganos competentes da Xunta de Galicia e do concello respectivo. Recibida a contestación aos requirimentos, realizarase xa o informe de control financeiro. Agora ben, se das comprobacións documentais realizadas, se pode inducir algunha irregularidade, o actuario responsábel poderá propor a transformación do expediente abreviado en ordinario, para os efectos dun control exhaustivo, con comparecencia e exame dos libros contábeis da entidade.

Con independencia do tipo de expediente a tramitar e **tal como xa se estableceu na proposta aprobada polo Pleno na sesión que tivo lugar o día 26 de marzo de 2010, cando na conclusión dun expediente se poña de manifesto unha irregularidade que dea lugar a un reintegro total ou parcial e que puido ter sido cometida pola entidade beneficiaria en exercicios anteriores, logo de facer constar esta circunstancia nunha consideración específica do informe definitivo, a Presidencia poida ditar unha resolución pola que se acorde a ampliación do procedemento de control a tódolas subvencións percibidas pola entidade beneficiaria sobre as que non teña producido efectos a prescripción de accións de reintegro e sancionadora.**



b) O universo, criterios de escolleita e mostra dos expedientes:

Está constituído por todos os expedientes que deron lugar a un pagamento dunha subvención no exercicio 2014 por importe igual ou superior a 600 euros, sexa corrente ou de capital. En total, no exercicio 2014 pagáronse 1.296 subvencións á entidades privadas por riba do importe expresado, asignándose por esta vía fondos por importe de 3.886.421,91 euros. A subvención de maior importe tivo unha contía de 190.000 e a de menor importe 600 euros. Quedan fóra do universo os escasos expedientes que se tramitaron para o pagamento dunha subvención por un importe inferior.

Atendendo, xa que logo, a un maior risco de aplicación irregular de fondos considerando o importe da subvención concedida, estímase axeitado establacer os tramos ou intervalos para a escollo de acordo coas seguintes contías:

- Un primeiro tramo para as subvencións cun importe igual ou superior a 30.000 euros, no que hai 14 expedientes.
- O segundo intégrase polos expedientes con subvencións concedidas cunha contía inferior a 30.000 euros e que son iguais ou superiores aos 6.000 euros, en total 88 expedientes.
- No terceiro tramo agrúpanse as subvencións iguais ou superiores aos 3.000 euros e inferiores a 6.000 euros (128 expedientes).
- Finalmente, no tramo residual agrúpanse todas as subvencións de menos de 3.000 euros (1.066 expedientes).

Sobre os tramos expostos, aplícanse por orde decrecente as porcentaxes de 50, 25, 10 e 5 por cento (isto é, no primeiro tramo, auditarase unha subvención de cada dúas, no segundo unha de cada catro, na terceira unha de cada 10 e no cuarto unha de cada 20), tal como figura no seguinte cadro:

TRAMO	INTERVALO	Nº EXPEDIENTES DO TRAMO	PORCENTAXE DE CONTROL (%)	Nº DE EXPEDIENTES A CONTROLAR
1º	1-14	14	50	7
2º	15-102	88	25	22
3º	103-230	128	10	13
4º	231-1296	1.066	5	53
TOTAL:				95



A escolla dos expedientes realizarase ao chou, sobre a listaxe que se incorpora como anexo, seguindo a regra da aleatoriedade simple, en presenza do Secretario xeral da Corporación, que dará fe do acto estendendo a correspondente acta.

2º. Plan de control financeiro das subvencións pagadas polo Concello de Boqueixón no período 2012-2014.

Segundo o previsto na Base Quinta, apartado 2, reguladoras da delegación de competencias en materia de control financeiro, para a escolla dos expedientes do concello delegante que se someterán a control financeiro, utilizaranse os criterios aprobados polo Pleno da Corporación para o exercicio do control financeiro sobre as subvencións pagadas pola propia Deputación. En todo caso, o número de expedientes escolleitos non poderá resultar inferior a tres por cada concello e ano ao que se estenda o control.

Analizados o listaxe de pagamentos realizados polo Concello de Boqueixón no exercicio 2012 con cargo ao capítulo de transferencias correntes (non houbo ningunha transferencia de capital), resulta que só hai tres pagamentos que se corresponden propiamente co concepto de subvencións, dado que os outros pagamentos derivan de contratos de servizos, convenios ou axudas de emerxencia social en especie. Polo tanto, serán obxecto de control ditos tres expedientes, consonte ao disposto na referida Base Quinta.

Na listaxe correspondente ao exercicio 2013 hai catro pagamentos de subvencións que superan os 600 euros (importe mínimo para que entre no universo, segundo os criterios da Deputación). Dado que se establece un mínimo de 3 expedientes por ano, atendendo ao criterio de maior risco, procederase a auditar as 3 subvencións de maior importe.

Xa no exercicio 2014, na listaxe de pagamentos atópanse 6 casos que superan os 600 euros, sendo todos eles inferiores a 3.000 euros. Xa que logo, procederase a escolla dos tres expedientes de maior importe.

A Coruña, 15 de xullo de 2016.

O XEFE DE SECCIÓN DE CONTROL II,

Miguel L. Pérez Boga.

O INTERVENTOR ADXUNTO,

Juan Bautista Suárez Ramos

**Conforme,
O INTERVENTOR XERAL,**

José Manuel Pardellas Rivera.



COMISIÓN DE ECONOMÍA, FACENDA, ESPECIAL DE CONTAS, PERSOAL E RÉXIME INTERIOR

Reunión do 21 de xullo de 2016

Preside: ANTONIO LEIRA PIÑEIRO

Deputados/as

Asistentes: BERNARDO FERNÁNDEZ PIÑEIRO, JULIO SACRISTÁN DE DIEGO (en substitución de Juan V. Penabad Muras), MANUEL MUIÑO ESPASANDÍN, XOSÉ REGUEIRA VARELA (en substitución de Xesús Manuel Soto Vivero), JOSE CARLOS CALVELO MARTÍNEZ (en substitución de Manuel Rivas Caridad), JAVIER CAÍNZOS VÁZQUEZ (en substitución de Gumersindo Galego Feal), JOSE LUIS OUJO POUISO (en substitución de Mariel Padín Fernández), EDUARDO JOSE PARGA VEIGA, LUIS RUBIDO RAMONDE, DANIEL DÍAZ GRANDÍA (en substitución de Claudia Delso Carreira) e ÁNGEL GARCÍA SEOANE

Excusado: MANUEL DIOS DIZ

Presentes: JOSÉ MANUEL PARDELLAS RIVERA, (Interventor Xeral), MARIA AMPARO CRISTINA TABOADA GIL (Oficial Maior), ANA MARÍA FERNÁNDEZ RODRÍGUEZ (Vicetesoureira)

Secretaria: MARÍA JOSÉ VÁZQUEZ SESMONDE

PLAN DE CONTROL FINANCIERO PARA AS SUBVENCÍONS PAGADAS NO EXERCICIO 2014 POLA DEPUTACIÓN DE A CORUÑA E DAS PAGADAS POLO CONCELLO DE BOQUEIXÓN NO PERÍODO 2012-2014

De acordo cos antecedentes, lexislación aplicable e demais consideracións expostas anteriormente, **proponse ao Pleno da Corporación que, previo ditame da Comisión informativa de Facenda, Economía e Especial de Contas, aprabe o Plan de Control financeiro das subvencións pagadas pola Deputación ao longo do exercicio de 2014 e polo Concello de Boqueixón no período 2012-2014, consonte aos seguintes parámetros e tipos de tramitación de expedientes:**

1º. SUBVENCÍONS PAGADAS POLA DEPUTACIÓN NO EXERCICIO DE 2014.

A) TIPOS DE PROCEDEMENTOS E POSIBLE AMPLIACIÓN DE ACTUACIÓN A SUBVENCÍONS PAGADAS EN EXERCICIOS ANTERIORES NON PRESCRITOS:

PRIMEIRO GRUPO: EXPEDIENTES CON TRAMITACIÓN ORDINARIA (PO)

Na tramitación ordinaria dos expedientes existe sempre unha comparecencia dun actuario no domicilio social da entidade beneficiaria ou, no seu caso, nunha oficina pública, para levar a cabo, en presenza do representante legal da entidade, a análise da contabilidade, documentación xustificativa da subvención, movementos bancarios e, no caso de subvencións de capital, verificar a existencia material do investimento subvencionado.

SEGUNDO GRUPO: EXPEDIENTES CON TRAMITACIÓN ABREVIADA (PA).

Tódolos demais expedientes, nos que o importe da subvención non supere os 3.000 euros e que se refiran ao financiamento de gastos correntes ou noutros que, da documentación aportada coa xustificación se deduza unha evidencia razoábel da correcta aplicación dos fondos á finalidade para a que foi concedida a subvención. Nestes supostos, que serán valorados en cada caso polo Interventor adxunto, o expediente incoarase con requirimento para que a entidade remita á intervención orixinal ou unha copia compulsada dos xustificantes de gasto e o orixinal ou copia compulsada do documento que acredite o pagamento a través dun medio bancario.

Se, á vista da documentación recibida, o actuario obtén a evidencia razoábel de que os fondos públicos foron correctamente aplicados, procederase á comprobación de posíbel existencia doutras subvencións para a mesma finalidade, mediante a comprobación na Base de Datos Nacional de Subvencións e mediante requirimentos enviados aos órganos competentes da Xunta de Galicia e do concello respectivo. Recibida a contestación aos requirimentos, realizarase xa o informe de control financeiro. Agora ben, se das comprobacións documentais realizadas, se pode inducir algunha irregularidade, o actuario responsábel poderá propor a transformación do expediente abreviado en ordinario, para os efectos dun control exhaustivo, con comparecencia e exame dos libros contábeis da entidade.

Con independencia do tipo de expediente a tramitar e **tal como xa se estableceu na proposta aprobada polo Pleno na sesión que tivo lugar o día 26 de marzo de 2010, cando na conclusión dun expediente se poña de manifesto unha irregularidade que dea lugar a un reintegro total ou parcial e que puido ter sido cometida pola entidade beneficiaria en exercicios anteriores, logo de facer constar esta circunstancia nunha consideración específica do informe definitivo, a Presidencia poida ditar unha resolución pola que se acorde a ampliación do procedemento de control a tódolas subvencións percibidas pola entidade beneficiaria sobre as que non teña producido efectos a prescripción de accións de reintegro e sancionadora.**

B) O UNIVERSO, CRITERIOS DE ESCOLLEITA E MOSTRA DOS EXPEDIENTES:

Está constituído por todos os expedientes que deron lugar a un pagamento dunha subvención no exercicio 2014 por importe igual ou superior a 600 euros, sexa corrente ou de capital. En total, no exercicio 2014 pagáronse 1.296 subvencións á entidades privadas por riba do importe expresado, asignándose por esta vía fondos por importe de 3.886.421,91 euros. A subvención de maior importe tivo unha contía de 190.000 e a de menor importe 600 euros. Quedan fóra do universo os escasos expedientes que se tramitaron para o pagamento dunha subvención por un importe inferior.

Atendendo, xa que logo, a un maior risco de aplicación irregular de fondos considerando o importe da subvención concedida, estímase axeitado establacer os tramos ou intervalos para a escolla de acordo coas seguintes contías:

- Un primeiro tramo para as subvencións cun importe igual ou superior a 30.000 euros, no que hai 14 expedientes.
- O segundo intégrese polos expedientes con subvencións concedidas cunha contía inferior a 30.000 euros e que son iguais ou superiores aos 6.000 euros, en total 88 expedientes.
- No terceiro tramo agrúpanse as subvencións iguais ou superiores aos 3.000 euros e inferiores a 6.000 euros (128 expedientes).
- Finalmente, no tramo residual agrúpanse todas as subvencións de menos de 3.000 euros (1.066 expedientes).

Sobre os tramos expostos, aplícanse por orde decrecente as porcentaxes de 50, 25, 10 e 5 por cento (isto é, no primeiro tramo, auditarase unha subvención de cada dúas, no segundo unha de cada catro, na terceira unha de cada 10 e no cuarto unha de cada 20), tal como figura no seguinte cadro:

TRAMO	INTERVALO	Nº EXPEDIENTES DO TRAMO	PORCENTAXE DE CONTROL (%)	Nº DE EXPEDIENTES A CONTROLAR
1º	1-14	14	50	7
2º	15-102	88	25	22
3º	103-230	128	10	13
4º	231-1296	1.066	5	53
TOTAL:				95

A escolla dos expedientes realizarase ao chou, sobre a listaxe que se incorpora como anexo, seguindo a regra da aleatoriedade simple, en presenza do Secretario xeral da Corporación, que dará fe do acto estendendo a correspondente acta.

2º. PLAN DE CONTROL FINANCEIRO DAS SUBVENCIÓNS PAGADAS POLO CONCELLO DE BOQUEIXÓN NO PERÍODO 2012-2014.

Segundo o previsto na Base Quinta, apartado 2, reguladoras da delegación de competencias en materia de control financeiro, para a escolla dos expedientes do concello delegante que se someterán a control financeiro, utilizaranse os criterios aprobados polo Pleno da Corporación para o exercicio do control financeiro sobre as subvencións pagadas pola propia Deputación. En todo caso, o número de expedientes escolleitos non poderá resultar inferior a tres por cada concello e ano ao que se estenda o control.

Analizados o listaxe de pagamentos realizados polo Concello de Boqueixón no exercicio 2012 con cargo ao capítulo de transferencias correntes (non houbo ningunha transferencia de capital), resulta que só hai tres pagamentos que se corresponden propiamente co concepto de subvencións, dado que os outros pagamentos derivan de contratos de servizos, convenios ou axudas de emerxencia social en especie. Polo tanto, serán obxecto de control ditos tres expedientes, consonte ao disposto na referida Base Quinta.

Na listaxe correspondente ao exercicio 2013 hai catro pagamentos de subvencións que superan os 600 euros (importe mínimo para que entre no universo, segundo os criterios da Deputación). Dado que se establece un mínimo de 3 expedientes por ano, atendendo ao criterio de maior risco, procederase a auditar as 3 subvencións de maior importe.

Xa no exercicio 2014, na listaxe de pagamentos atópanse 6 casos que superan os 600 euros, sendo todos eles inferiores a 3.000 euros. Xa que logo, procederase a escolla dos tres expedientes de maior importe.

Este acordo aprobouse por unanimidade.

O presidente,

Antonio Leira Piñeiro

A secretaria,

Mª José Vázquez Sesmonde

DONA M^a AMPARO C. TABOADA GIL, SECRETARIA ACCIDENTAL DA EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

CERTIFICA: Que o Pleno da Deputación Provincial da Coruña na sesión plenaria ordinaria celebrada o vinte e nove de xullo de dous mil dezaseis adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

“37.- PLAN DE CONTROL FINANCEIRO PARA AS SUBVENCÍONS PAGADAS NO EXERCICIO 2014 POLA DEPUTACIÓN DA CORUÑA E DAS PAGADAS POLO CONCELLO DE BOQUEIXÓN NO PERÍODO 2012-2014.

De acordo cos antecedentes, lexislación aplicable e demais consideracións expostas anteriormente, propónse ao Pleno da Corporación que, previo ditame da Comisión informativa de Facenda, Economía e Especial de Contas, aprobe o Plan de Control financeiro das subvencións pagadas pola Deputación ao longo do exercicio de 2014 e polo Concello de Boqueixón no período 2012-2014, consonte cos seguintes parámetros e tipos de tramitación de expedientes:

1º. SUBVENCÍONS PAGADAS POLA DEPUTACIÓN NO EXERCICIO DE 2014.

A) TIPOS DE PROCEDEMENTOS E POSIBLE AMPLIACIÓN DE ACTUACÍONS A SUBVENCÍONS PAGADAS EN EXERCICIOS ANTERIORES NON PRESCRITOS:

PRIMEIRO GRUPO: EXPEDIENTES CON TRAMITACIÓN ORDINARIA (PO)

Na tramitación ordinaria dos expedientes existe sempre unha comparecencia dun actuario no domicilio social da entidade beneficiaria ou, no seu caso, nunha oficina pública, para levar a cabo, en presenza do representante legal da entidade, a análise da contabilidade, documentación xustificativa da subvención, movementos bancarios e, no caso de subvencións de capital, verificar a existencia material do investimento subvencionado.

SEGUNDO GRUPO: EXPEDIENTES CON TRAMITACIÓN ABREVIADA (PA).

Todos os demais expedientes, nos que o importe da subvención non supere os 3.000 euros e que se refiran ao financiamento de gastos correntes ou noutros que, da documentación subministrada coa xustificación se deduza unha evidencia razoábel da correcta aplicación dos fondos á finalidade para a que foi concedida a subvención. Nestes supostos, que serán valorados en cada caso polo interventor adxunto, o expediente incoarase con requirimento para que a entidade remita á intervención orixinal ou unha copia compulsada dos xustificantes de gasto e o orixinal ou copia compulsada do documento que acredite o pagamento a través dun medio bancario.

Se, á vista da documentación recibida, o actuario obtén a evidencia razoábel de que os fondos públicos foron correctamente aplicados, procederase á comprobación de posíbel existencia doutras subvencións para a mesma finalidade, mediante a comprobación na Base de Datos Nacional de Subvencións e mediante requirimentos enviados aos órganos competentes da Xunta de Galicia e do concello respectivo. Recibida a contestación aos requirimentos, realizarase xa o informe de control financeiro. Agora ben, se das comprobacións documentais realizadas, se pode inducir algunha irregularidade, o actuario responsábel poderá propor a transformación do expediente abreviado en ordinario, para os efectos dun control exhaustivo, con comparecencia e exame dos libros contábeis da entidade.

Con independencia do tipo de expediente a tramitar e tal como xa se estableceu na proposta aprobada polo Pleno na sesión que tivo lugar o día 26 de marzo de 2010, cando na conclusión dun expediente se poña de manifesto unha irregularidade que dea lugar a un reintegro total ou parcial e que puido ter sido cometida pola entidade beneficiaria en exercicios anteriores, logo de facer constar esta circunstancia nunha consideración específica do informe definitivo, a Presidencia poida ditar unha resolución pola que se acorde a ampliación do procedemento de control a todas as subvencións percibidas pola entidade beneficiaria sobre as que non teña producido efectos a prescrición de accións de reintegro e sancionadora.

B) O UNIVERSO, CRITERIOS DE ESCOLLEITA E MOSTRA DOS EXPEDIENTES:

Está constituído por todos os expedientes que deron lugar a un pagamento dunha subvención no exercicio 2014 por importe igual ou superior a 600 euros, sexa corrente ou de capital. En total, no exercicio 2014 pagáronse 1.296 subvencións á entidades privadas por riba do importe expresado, asignándose por esta vía fondos por importe de 3.886.421,91 euros. A subvención de maior importe tivo unha contía de 190.000 e a de menor importe 600 euros. Quedan fóra do universo os escasos expedientes que se tramitaron para o pagamento dunha subvención por un importe inferior.

Atendendo, xa que logo, a un maior risco de aplicación irregular de fondos considerando o importe da subvención concedida, estímase axeitado establecer os tramos ou intervalos para a escolla de acordo coas seguintes contías:

- Un primeiro tramo para as subvencións cun importe igual ou superior a 30.000 euros, no que hai 14 expedientes.
- O segundo intégrase polos expedientes con subvencións concedidas cunha contía inferior a 30.000 euros e que son iguais ou superiores aos 6.000 euros, en total 88 expedientes.
- No terceiro tramo agrúpanse as subvencións iguais ou superiores aos 3.000 euros e inferiores a 6.000 euros (128 expedientes).



- Finalmente, no tramo residual agrúpanse todas as subvencións de menos de 3.000 euros (1.066 expedientes).

Sobre os tramos expostos, aplícanse por orde decrecente as porcentaxes de 50, 25, 10 e 5 por cento (isto é, no primeiro tramo, auditarase unha subvención de cada dúas, no segundo unha de cada catro, na terceira unha de cada 10 e no cuarto unha de cada 20), tal como figura no seguinte cadro:

TRAMO	INTERVALO	Nº EXPEDIENTES DO TRAMO	PORCENTAXE DE CONTROL (%)	Nº DE EXPEDIENTES A CONTROLAR
1º	1-14	14	50	7
2º	15-102	88	25	22
3º	103-230	128	10	13
4º	231-1296	1.066	5	53
TOTAL:				95

A escolla dos expedientes realizarase ao chou, sobre a listaxe que se incorpora como anexo, seguindo a regra da aleatoriedade simple, en presenza do Secretario xeral da Corporación, que dará fe do acto estendendo a correspondente acta.

2º. PLAN DE CONTROL FINANCIERO DAS SUBVENCIÓNS PAGADAS POLO CONCELLO DE BOQUEIXÓN NO PERÍODO 2012-2014.

Segundo o previsto na base quinta, apartado 2, reguladoras da delegación de competencias en materia de control financeiro, para a escolla dos expedientes do concello delegante que se someterán a control financeiro, utilizaranse os criterios aprobados polo Pleno da Corporación para o exercicio do control financeiro sobre as subvencións pagadas pola propia Deputación. En todo caso, o número de expedientes escolleitos non poderá resultar inferior a tres por cada concello e ano ao que se estenda o control.

Analizados o listaxe de pagamentos realizados polo Concello de Boqueixón no exercicio 2012 con cargo ao capítulo de transferencias correntes (non houbo ningunha transferencia de capital), resulta que só hai tres pagamentos que se corresponden propiamente co concepto de subvencións, dado que os outros pagamentos derivan de contratos de servizos, convenios ou axudas de emerxencia social en especie. Polo tanto, serán obxecto de control os ditos tres expedientes, consonte ao disposto na referida Base Quinta.

Na listaxe correspondente ao exercicio 2013 hai catro pagamentos de subvencións que superan os 600 euros (importe mínimo para que entre no universo, segundo os



**Deputación
DA CORUÑA**

criterios da Deputación). Dado que se establece un mínimo de 3 expedientes por ano, atendendo ao criterio de maior risco, procederase a auditar as 3 subvencións de maior importe.

Xa no exercicio 2014, na listaxe de pagamentos atópanse 6 casos que superan os 600 euros, sendo todos eles inferiores a 3.000 euros. Xa que logo, procederase a escolla dos tres expedientes de maior importe.”

E para que conste e sen prexuízo dos termos da aprobación da acta, segundo o disposto no artigo 206 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Corporacións locais, expido a presente de orde e co visto e praxe do Sr. Presidente na Coruña, a tres de agosto de dous mil dezaseis.

Vº e Pr.

A PRESIDENTA
EN FUNCIÓNS

